



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cavidade do corpo humano formada polos ósos das cadeiras e o final da columna vertebral, onde está contida a vexiga, o recto e unha parte do aparato xenital:

- A) Pelve
- B) Pelbe
- C) Pelvis
- D) Pelbis

2. Sinale a palabra que está escrita de forma correcta:

- A) Extensivo
- B) Extender
- C) Excavadora
- D) Extraño

3. Dor que se sente nalgunha parte do corpo a causa do exercicio físico violento ou prolongado, pasado un certo tempo desde a realización deste:

- A) Aguxetas
- B) Auguxetas
- C) Maniotas
- D) Mantiotas

4. Primeira persoa do plural do presente de indicativo do verbo ir:

- A) Vamos
- B) Fomos
- C) Iamos
- D) Imos

5. Escolla a definición correcta de "fervenza":

- A) Cousa fedorenta
- B) Febre moi alta
- C) Adorno, bordado ou grilanda
- D) Catarata, salto, cachón

6. Indique cal é o significado correcto da palabra "baleiro":

- A) Algo que está cheo
- B) Das Illas Baleares ou dos seus habitantes
- C) Que non contén nada
- D) Barco dedicado á captura de baleas

7. Os vocábulos "xenreira" e "simpatía" son entre sí:

- A) Sinónimos
- B) Antónimos
- C) Homónimos
- D) Parte da mesma familia léxica

8. Das seguintes series, só unha contén na súa totalidade adverbios de tempo. Sinálea:

- A) Acolá–Ningures–A carón
- B) Algures–Abondo–Asemade
- C) Amodo–Devagar–Paseniño
- D) Acotío–Axiña–Arestora

9. Cal é o recurso existente na expresión "teléfonos móbiles intelixentes"?

- A) Metáfora
- B) Metonimia
- C) Personificación
- D) Hipérbole

10. Sinale cal dos seguintes substantivos ten xénero masculino:

- A) Cor
- B) Orde
- C) Peaxe
- D) Costume

Preguntas de reserva

1. Conxunto de ósos que forman a cavidade que encerra e protexe o encéfalo:

- A) Cráneo
- B) Craneo
- C) Cranio
- D) Cránio

2. Indique cal das seguintes palabras non é sinónimo de "pasamento":

- A) Falecemento
- B) Finamento
- C) Óbito
- D) Pasaxe